



ORDENANZA 16.-

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE SUMIDOIROS, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS.-

Artigo 1º Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da C.E e polo artigo 106 da Lei reguladora das bases de réxime local; de conformidade do disposto nos artigos 15 ó 20, apartados 1.2 ó 4 R) da Lei 39/88, de facendas locais; este Concello establece a taxa pola acometida a rede xeral de saneamento, e prestación do servizo de saneamento, que se rexerán pola presente ordenanza fiscal que se xunta ó previsto no artigo 58 da Lei 39/1998.

Artigo 2º Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A prestación do servizo de evacuación de augas negras e grises a través da rede municipal de sumidoiros e depuración destas, no seu caso; así como a realización das acometidas á rede xeral de saneamento.

b) A actividade municipal técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-las acometidas á rede municipal de sumidoiros.

2.- Non estarán suxeitas á taxa os predios urbanos derruídos, os declarados ruinosos nin os que teñan a condición de solar ou terreo, salvo que as conexións a ditos predios se realicen a petición do interesado.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1.- Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e mailas entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da conexión de licenzia de acometida á rede xeral: o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da vivenda ou local.

b) No caso de prestación do servizo; tamén os titulares, usuarios, ocupantes, beneficiarios dos servizos, calquera que sexa o seu título, como concesionarios, arrendatarios, habitacionistas, ou usufructuarios incluso en precario.

2.- En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuínte, o propietario do inmovible quen poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Responsables.



a) Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que fan referencia os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

b) Serán responsables subsidiarios os administradores de quebras e mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que marca o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

Virá determinada polo uso da rede de saneamento, e no caso de realización de acometidas a base imponible virá determinada polos metros de distancia desde o límite da propiedade privada ata a rede xeral de saneamento. Inclúese a execución de tódolos gastos da acometida, en zona pública así como a reposición do pavimento.

Artigo 6º.- Cuota tributaria.

Establécense como optativas as acometidas de 160 m.m. ou 200 m.m., para a que se empregará o PVC reforzado para 4 atmosferas e irán con carácter xeral desde unha arqueta situada ó pe da propiedade do usuario ata o pozo de rexistro da rede xeral. Só se realizará unha única acometida desde cada edificio, sen perxuízo de considerar a existencia de máis de un abonado, sempre que exista máis dunha vivenda, ou se utilice para actividade comercial ou industrial o baixo da edificación.

1.- Dereito de enganche 60 Euros

2.- Uso anual de servizo:

A) Por cada abonado particular 12 Euros

B) Establecementos comerciais ou industriais computarase a superficie cuberta ata 100 m² : 24 Euros e 0,24 Euros máis por m².

C) Bares, cafés, restaurantes, igual ó anterior.

D) Hoteis, pensións, campins, e lugares de aloxamento en xeral, 4 Euros por praza.

3.- Para acometidas de 160 m.m. de diámetro nas que se inclúen as obras necesarias ata un total de 4 m de lonxitude establécense unha taxa de 294 Euros e 60 Euros máis por metro ou fracción engadida.

4.- Para as de 200 m.m. as cantidades serán de 313 Euros e 65 Euros respectivamente

Artigo 7º. Exencións e bonificacións:

Non se concederá exención nin bonificación algunha na presente taxa.

Artigo 8º. Xeración de obrigas.



1.- Xerárase a obriga do pagamento da taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada:

a) No intre de presentación da solicitude de acometida á rede xeral.

b) Para a presentación do servizo de sumidoiros e depuración no seu caso, retribuiranse periodicamente en cada exercicio, tendo carácter obrigatorio, unha vez conste a instalación e funcionamento do servizo.

Artigo 9º. Declaración, liquidación e ingreso

a) A inclusión inicial no padrón de contribuíntes efectúase de oficio e terá efectividade desde que polos servizos municipais se emita a ficha de conexión a cada usuario do servizo.

b) No suposto de licenza de acometida, cando se conceda a correspondente licenza.

Artigo 10º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

Entrará en vigor unha vez publicada no BOP a excepción do relativo ó uso do servizo, que entrará o 1 de xaneiro de 2003 permanecendo ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O que se fai público para os efectos de vixencia e coñecemento xeral.